

BASES REGULADORAS DO CONCURSO INFANTIL DE TARXETAS DE NADAL 2019

1. Destinatarios

Dirixido ás nenas e nenos do Concello de Barbadás, con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos.

2. Categorías

Establécense dúas categorías:

- Alumnos/as de 1º a 3º de Primaria.
- Alumnos/as de 4º a 6º de Primaria.

2. Normas de participación

As tarxetas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- O tema da tarxeta é o espírito do Nadal e podrá conter de forma libre calquera aspecto relativo a estas festas, valorárase a orixinalidade e a capacidade creativa.
- Estar presentado en cartolina ou papel, tamaño DIN A5 (medio folio normal, 15x21 centímetros).

3. Lugar e prazo de presentación

As tarxetas poderán presentarse na Casa da Cultura ou nos CEIP Filomena Dato e O Ruxidoiro.

O prazo de presentación será dende o día 14 ata o 22 de Novembro de 2019.

As tarxetas deberán presentarse en sobre pechado con pseudónimo e idade, dirixido a Concellaría de Cultura de Barbadás “Concurso de Tarxetas de Nadal 2019”, e incluíndo no interior outro sobre pechado cos datos persoais: nome e apelidos, dirección, idade e nº de teléfono.

4. Premios

- Entregaranse dous premios por cada categoría, consistentes en:
 - Categoría alumnos/as de 1º a 3º de Primaria:
 - 1º Premio: carnet de socio do UD Barbadás e un lote de libros.
 - 2º Premio: carnet de socio de UD Barbadás e un lote de libros.

o Categoría alumnos/as de 4º a 6º de Primaria:

1º Premio: carnet de socio do UD Barbadás e un lote de libros.

2º Premio: carnet de socio do UD Barbadás e un lote de libros.

- O xurado estará composto pola Concelleira de Cultura, coordinador da Casa de Cultura e por un membro do equipo directivo dos CEIP do Concello de Barbadás.
- Todas as tarxetas presentadas ao concurso serán expostas na sala de exposicións da Casa de Cultura do Concello de Barbadás durante o periodo de Nadal, dende o día 20 de decembro ata o día 6 de xaneiro.
- Unha vez reunido o xurado e resolto o concurso, comunicárase vía telefónica os premiados.
- A entrega de premios, realizarase na Casa da Cultura o día 20 de Decembro, as 18 horas, coincidindo coa inauguración da exposición de todas as tarxetas presentadas.
- A tarxeta galardoada co 1º Premio da categoría de 4ª de primaria a 6ª de primaria será utilizada para a portada do Programa Cultural destas datas.
A tarxeta galardonada co 1º Premio da categoría de 1ª de primaria a 3ª de primaria será utilizada para felicitar o Nadal por parte do Concello de Barbadás.

A participación no concurso suporá a aceptación das presentes bases.

A Concellaría de Cultura resérvase o dereito a realizar os cambios que poida considerar necesarios.